

Laudatio a Fina Casalderrey na Homenaxe A Escritora na súa Terra – Letra E

Para unha poética da sinxeleza

Señor alcalde de Pontevedra, Presidenta do Consello da Cultura Galega, Presidente da Real Academia Galega, Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, autoridades, xentes das letras e da cultura, amigas, amigos, lectoras todas, vimos hoxe aquí, ao teatro principal de Pontevedra, a celebrar a Fina Casalderrey como cómpre.

Permítanme a ousadía, que nada máis comezar, e tan só por uns minutos, fale brevemente de min. Tras recibir o encargo de escribir esta laudatio, emocionada coma estaba, puiden conversar con Fina. Entón, só acertei a tatexar: Non pensaches noutras persoas para acompañarte nese día? Ela, sincera, díxome: Si, xente había, sobre todo en Pontevedra (á vista está), pero eu quero que o fagas ti. Tardei en comprendelo, mais agora sei que non era eu, por ser Montse Pena, era eu por ser unha das súas primeiras lectoras. Fina quería que hoxe, aquí, estivésemos as nenas e os rapaces que agora nos iniciamos na década dos corenta e que seguimos a percorrer o camiño canda ela. Para nós escribiu esas primeiras obras que nos ensinaron a ler en galego, imaxinou a historia de Máquina, esa cadeliña que tanto nos emocionou e querería pensar que nós a trouxemos da man ata este momento, dándolle alento para continuar a escribir cando as forzas minguaban. Por iso, Fina, permíteme que che diga: somos nós e seguimos aquí, sostendo os teus libros. As túas historias foron estes anos soporte, acubillo, saiba coa que verdecer, porque as obras que lemos na infancia e na adolescencia funcionan como unha especie de substrato que aniña en nós e moldea os nosos soños. Por iso, queremos hoxe honralas, honrarte.

De feito, nas lapelas deses libros aprendemos que Fina Casalderrey nacera na parroquia de Xeve, en Pontevedra. Cando pronunciaba Xeve, a min parecíame un nome máxico, sonoro, gardador dun inmenso misterio onde habitaban as mellores historias. Abofé que o facían. Cos anos souben, que alén de Xeve tiña que falar por forza de Pilarteiros (onde naceu) e do Lérez (a onde foi vivir ben cativiña cos pais). Alí, na casa dos Casalderrey, non había demasiados libros, pero nunca faltaba un bo conto. Inda hoxe lembra que o primeiro que tivo foi unha Biblia. Unha biblia de cantos dourados e follas finísimas, que acollía todos os tesouros. Non só o coñecemento e a ficción contidas nela, senón tamén as papoulas, os papeis de caramelos e os pensamentos que a nena ía depositando alí, igual que se manteñen na memoria as cousas que pagan realmente a pena.

O pai de Fina, mecánico de barcos e narrador oral a un tempo, contoulle á meniña unha mancha de historias que supliron esa ausencia dunha primeira biblioteca física. Non obstante, quen a coñecemos un pouco, sabemos que a nena Finita se alimentou dese magma, pois a autora é unha magnífica narradora de historias, que ademais adoza cunha capacidade incrible para o recitado. Naqueles

grises anos cincuenta nos que naceu, a cativa -como ela mesma dixo- non pasou fame de xurelos nin de agarimo. Ben se nota porque aínda hoxe, cando alguén está ao seu carón, e ela percibe que unha man súa pode acompañar e axudar, esténdea axiña, libre. E iso só poden facelo as persoas valentes, que non teñen medo de compartir o seu agarimo coas demais.

A min gústame viaxar ata esa Fina de 9 anos e imaxinala na porta da casa, coa enredadeira caendo por tras, sentada coa irmá que tanto pediu e xogando ás mestras. Mentres, mira divertida á xente que pasa. Aínda hoxe, eses ollos escuros e vívidos gardan a capacidade para ollar dentro das persoas, coma quen asoma a un miradoiro e descobre dende aí toda a paisaxe. Quizais, alí, na porta da súa casa ou mentres ía cara á Fonte dos Tres Canos, xogaba xa a adiviñar como eramos todas por dentro. E así nacerían, case sen ela o saber, os seus primeiros personaxes.

Na xeografía vital da autora Pontevedra é o punto cardinal, pois é a cidade *“nobre e fidalga, artesá e mariñeira, na que naces, aprendes a ler, namoras, soñas e vives á fin”*, tal como ela mesma o expresou. Aquí foi tamén á Escola Normal, tras ter que decidir se cosía ou ensinaba. Aparentemente, decidiuse polo segundo, pero acabou facendo, se ela me permite dicilo, tamén costura. Porque as historias, como os mellores traxes, hai que enfialas, hai que coselas, hai que rematalas, de maneira que as persoas que lemos verdadeiramente as creamos. Tamén alí, coñeceu a Mariano García, o seu compañeiro de vida, que estudaba igualmente na Escola de Mestres, mais naquel momento mulleres e homes seguían itinerarios divididos por materias distintas. Mais hai cousas, como as olladas, que as leis nunca poderán separar e as súas atopáronse nunha clase de música de 3º de carreira. Contan as crónicas, e mesmo eu xuraría que o vin cos meus propios ollos, que aínda hoxe seguen bailando. Dise que na súa vida anterior, a comezos do século XX, foron ambos afamados bailaríns de fox-trot e que, daquela, varias orquestras se negaran a tocar por non estaren eles na pista.

Para enfiarnos ben a nosa agulla temos que comezar pola Fina mestra, porque esta tarefa explica en gran medida quen é a Fina escritora. Unha mestra que sae ao mundo con 19 anos e aterra nun 4º de EXB en Pontecesures, a onde chega chorando e de onde tamén se irá chorando. Alí atopa a Avelino Pousa Antelo, que lle dará casa. Casa no sentido máis amplo da palabra, non coma un lugar onde durmir, senón coma un lugar onde ser. O compromiso intelectual daquel home, a pegada do galeguista, aniñará para sempre na moza que abeira.

Atopamos xa aquí algo moi peculiar na traxectoria da autora, que ten que ver coa súa propia personalidade. Os seus compromisos: o feminista, o galeguista e a visibilización da diferenza en moi raras ocasións aparecen explícitos no que ela di, mais por ela falan as súas obras. Porque Caslderrey case nunca conxuga o verbo en primeira persoa do singular e o pronome “eu” posiblemente sexa un dos que menos emprega. Ela é, simplemente, a dona dos feitos que demostran.

Neses fecundos meses na escola de Pontecesures xurdirán os primeiros versos da mestra que non devecía por selo, pero que descobre no Maxisterio unha vocación. Unha mestra que experimenta, que escribirá co tempo peciñas de teatro para o seu alumnado (as máis delas a partir de contos populares), que prende neles as ganas de saber. Unha mestra que é coñecedora que as profesoras somos actrices representando vinte papeis a un tempo e que le en alto, que lles le en alto os propios escritos.

Por iso viaxamos agora a dez anos despois, a ese momento, case iniciático, nunha clase do colexio de Moraña, onde algo máis dunha vintena de rapazas e rapaces escoitan un treitiño dun texto literario. É *Mutacións xenéticas* (seguramente nese momento a autora inda non se chamase así, porque estamos en 1983, cando escribe esa novela). A cativada fica abraiada e quere saber máis, e máis e máis. Iso fai que a súa mestra siga a escribir. Oito anos despois, esa historia chega a Carlos Mosteiro, curmán de Fina, que a anima para que dea o libro ao prelo. Era 1991 e a obra sairá na desaparecida editora Vía Láctea. A escritora publicada acababa de nacer.

Moi pronto o faría tamén a escritora premiada. Ese mesmo ano, conseguiría o Premio Merlín con *Dúas bágoas por Máquina*. O libro, non só gañou o premio, senón que gañou tamén o corazón das lectoras, que inda hoxe seguen, seguimos, acudindo a esa historia, tan tenra como común, da perda da mascota por parte da familia. Casalderrey acababa de asinar, as claves que desvelarían parte da súa poética futura: o pacto da tenrura como defensa contra todo, a certeza que os animais forman parte fundamental do mundo da rapazada (na mellor tradición da literatura infantil), a idea de que os libros infantís tan só son aqueles que pode ler tamén o público adulto.

A partir de aí, as obras da autora multiplícanse, case por arte de maxia, pese a que ela ten manifestado que cando exercía tan só escribía nos veráns, para non roubarlle moito tempo ao alumnado. Del conta que ao seu carón aprendeu a investigar, que aprendeu a escoitar, e que sen o paso polas aulas posiblemente non sabería escribir divulgación e ensaio ao xeito. Nestes xéneros, que cultivou esporádica pero constantemente ao longo da súa traxectoria, séntese tamén cómoda: xa sexa desvelando segredos culinarios na compañía de Mariano, xa sexa afondando na traxectoria doutras escritoras e escritores, como Carlos Casares ou María Victoria Moreno.

Alén da súa vontade de escrita, en Fina Casalderrey segue a vivir e vivirá sempre, a defensa do idioma. Isto levouna a afirmar que era máis consciente, nos seus comezos, da lingua que empregaba, que de quen era o seu público receptor. Era a primeira década en que se ensinaba galego de maneira regrada e a rapazada precisabamos de historias, coma quen come pan, para nos alimentar. Coñecer a contorna, saber das tradicións, ver de onde viñan, o que era igual a coñecer o país, foron algunhas das tarefas que comezaron moitas das mestras e mestres comprometidos do momento.

Gustaríame traer os nomes dos máis coñecidos, como nunha ladaíña, para que esas súas primeiras lectoras e lectores poidamos tamén convocalos: Agustín Fernández Paz, Xabier DoCampo, Paco Martín. Canda Fina, é sabido que Manuel Bragado os denominou “Xeración Lamote”. Porén, en máis dunha ocasión lle escoitei á propia Casalderrey sinalar que arredor delas e deles, había persoas con traxectorias semellantes, que desenvolveron tarefas parecidas: Gloria Sánchez, García Teijeiro, Marilar Aleixandre ou Miguel Vázquez Freire serían tamén lamotianos, profesoras de chairego, debuxantes de nubes por encargo. E, ao seu carón, un pacífico exército anónimo, que levaba a renovación pedagóxica como bandeira e que contribuíu militante e xenerosamente á galeguización do ensino.

Agora quero que sigamos viaxando no tempo e veñan canda min a un día de outono de 1996 nesa escola de Moraña na que xa estivemos. Soa o teléfono no centro:

é para Fina, chaman do Ministerio. A nena de Lérez, a mestra noviña de Cesures, unha muller de 45 anos, acaba de gañar o Premio Nacional de Literatura Infantil con *O misterio dos fillos de Lúa*. A obra xa conseguira o Premio Barco de Vapor dous anos antes, mais este galardón fai que a mestra que escribía, se converta, para aqueles que inda podían dudar, na escritora (con maiúsculas), na única muller que, durante bastante tempo foi merecedora deste recoñecemento.

Mais o premio, para Casalderrey, foi sobre todo un salto, un impulso. A certeza, no seu interior, que habían vir máis libros, o soño de que quizais chegarían a máis de 60, a posibilidade de que as súas obras falen catalán, euskera, portugués, pero tamén braille, coreano ou chinés. E hoxe, que vimos do futuro para felicitar a esa muller de 45 anos, que acaba de gañar un premio co que non contaba, e que segue, inmóbil, detida pola impresión na porta da súa aula mentres no colexio hai festa, celebramos gozosas que, ás veces, as premonicións felices tamén se cumpren.

Desas máis de sesenta obras, que é marabillosamente imposible citar aquí, gustárame falar, moi especialmente, do que chamo a “poética da sinxeleza”. Quizais porque o máis complexo na literatura (e tamén na vida) é conseguir chegar a ela sen perder o horizonte. A sinxeleza na metáfora “apertas de vainilla”, a sinxeleza no destinatario para o que se escriben as obras, a sinxeleza no ser. Para conseguir todo isto, só fica o traballo de se espir: espir a lingua despois de traballala, espir as historias para facelas transparentes, espir(se) unha mesma en canto se enfronta á escrita coa maior das honestidades.

Fina Casalderrey conseguiu todo isto. As súas oracións teñen unha especie de métrica curta, case de romance, medida para que o lector en formación poida achegarse ao texto sen dificultade. Os seus títulos xogan connosco, levándonos a lugares nos que en realidade sempre estivemos, como o faro escuro, o estanque dos parrulos pobres ou a lagoa das nenas mudas. En ocasións, o que fan é xogar coa sonoridade sinestésica; outras, interrogan directamente as nosas emocións.

Envoltas nun idioma transparente, as historias da autora gardan as dificultades que contén o día a día. Casalderrey ten claro que non hai temas tabú para a infancia e a mocidade, senón xeitos de abordalos pouco acaídos. A violencia de xénero, a adopción, a multiculturalidade, a morte, a diversidade funcional, o respecto ás persoas maiores, o maltrato animal aparecen nas súas obras non como parte dun medido programa didáctico, como dirían aqueles que apenas leron unha páxina dun libro infantil, senón como o maior pacto de honestidade coas súas lectoras e lectores. A vida, semella dicirnos, tamén era isto.

Se tivesemos que escoller unha característica que defina a escrita de Casalderrey, as que fomos e as que son as súas lectoras infantís teríamolo claro: a capacidade para meterse na pel das personaxes, coa inocencia e a irreverencia por bandeira. Eis aquí o segredo dos mellores autores e autoras de literatura infantil: a habilidade para falar a mesma linguaxe da rapazada. Así ocorre tamén na obra de Roald Dahl, de Saint-Exupéry ou de Astrid Lindgren. Por iso, se Matilda, o principião ou Pippi Mediaslongas coñecesen a Fina, o encontro había ser unha conversa infinita entre catro vellas amigas que teñen moito que se dicir.

Neste 2023, Fina Casalderrey está nominada ao Premio Andersen, o máis importante da literatura infantil a nivel mundial, unha sorte de Nobel para as autoras

que optaron por este campo literario. Se isto fose un país normal, a nova sairía en portada de todos os xornais. Se isto fose un país normal, as institucións, as bibliotecas e as escolas iniciarían unha campaña conxunta para promover que, en literatura infantil, somos unha potencia. Isto non é un país normal, pero o que nunca nos poderán quitar é a alegría e o orgullo por termos unha autora que pon no mundo o idioma que falamos e a literatura que facemos.

Non quixera rematar esta laudatio, sen falar da polifacencia da nosa homenaxeada. Porque alén da escrita de obras literarias digamos “convencionais”, gustou sempre de embarcarse en guións audiovisuais (sendo o máis especial ese *Dúas letras*, que protagonizou a súa nai), proxectos artísticos que inclúen música (velaí ese maravilloso *Lingua guapa*), xogar co idioma a ser tradutora ou escribir artigos xornalísticos. Con eles, tamén, a palabra “premio” -que hoxe eu pronunciei moi pouco falando de quen estou a falar- fíxose habitual no seu vocabulario. Mais sei que alén dos recoñecementos pola súa escrita, da honra de ser académica e mesmo no legado que deixa nas autoras máis novas, ela gusta do afecto dos seus -moi especialmente dos seus fillos- e da gratitude do seu alumnado e do seu público lector.

Por iso, se fósemos preguntando polas escolas de Galicia quen leu un libro de Fina Casalderrey, seguramente veríamos moitísimas mans erguidas. Se saísemos delas, e preguntásemos nas alamedas, nos concellos, nas praias, nas tendas, nos estadios, nos parques ou nas bibliotecas, veríamos, ademais de mans adultas, os corazóns a se ergueren tamén. Difícil mellor recoñecemento para unha escritora, que coa súa poética da sinxeleza, de dar voz á rapazada, de dirixirse a ela sen ambaxes, do seu humor caladiño e retranqueiro, co pouso da oralidade pegado na escrita, nos fixo medrar canda ela. Coma lectoras, mais tamén coma persoas.

Federico García Lorca escribiu unha vez que *“hai un neno que perden todos os poetas”*. Non obstante, eu creo que o fixo porque nunca chegou a coñecer a Fina Casalderrey: *“a nena que garda dentro de si unha escritora”*.

Montse Pena Presas
Texto lido no Teatro Principal de Pontevedra
Escrito en Compostela, xuño de 2023